

### NOTA INFORMATIVA SOBRE AS RETRIBUCIÓNS ADICIONAIS DO PDI: COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS DE LABOR DOCENTE, LABOR INVESTIGADORA, CARGOS DE XESTIÓN E EXCELENCIA CURRICULAR

A Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 (D.O.G.28/02/2013) establece no seu artigo 38 “Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia”:

*“Un. O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor queda fixado nas seguintes contías:*

*Complemento de recoñecemento ao labor docente: a contía anual será de 950 € anuais.*

*Complemento de recoñecemento ao labor investigador: a contía anual será de 855 € anuais*

*Complemento de recoñecemento polos cargos de xestión: a contía anual do tramo concedido será de 228 € anuais.*

*Complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora: a contía anual do tramo concedido será de 380 €.*

Así mesmo a disposición derradeira sétima “*Entrada en vigor*”, establece que a lei, no referido a este apartado, producirá efectos dende o día 1 de marzo de 2013.

En base ao anterior, a partir da nómina do mes de marzo 2013 procederase a aplicar a previsión contida no punto Un do artigo 38, atendendo o indicado no seguinte cadro:

Complemento Autonómico	Valor mensual do Tramo		
	Ata febreiro 2013	Dende marzo 2013	Diferencia
Labor Docente	88,60 €	79,17 €	- 9,43 €
Labor Investigadora	79,74 €	71,25 €	- 8,49 €
Cargo Xestión	20,03 €	19,00 €	- 1,03 €
Excelencia Curricular	37,56 €	31,67 €	- 5,89 €